DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés

Materia	Idioma moderno: Idioma 1, III: Inglés			
Código	V01G230V01303			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Martínez Insua, Ana Elina			
Profesorado	Hawthorne , Kaye Louise Martínez Insua, Ana Elina			
Correo-e	minsua@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Cunha orientación practica e centrada no uso da lingua, a materia ten coma obxectivo a consolidación do nivel avanzado (C1+) e o avance cara ao nivel C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C12	Posuír unha ampla cultura
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D6	Capacidade de xestión da información
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia		Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Desenvolver o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión	A5	C1 C2 C4 C18 C25	D15 D22 D23
Ampliar o repertorio léxico e textual en inglés a ámbitos más específicos	A1	C1 C4 C24 C25 C30	D15 D23
Fomentar a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais e léxicos ó analise, creación e revisión dunha gran variedade de textos escritos en inglés	A3 A4	C1 C2 C4 C18 C30	D2 D17 D22 D23
Estimular a autonomía dos alumnos para sintetizar unha gran variedade de textos orais e escritos en inglés	A5	C1 C2 C4 C12 C18 C24 C25 C27 C30	D2 D6 D9 D15 D17 D22
Desenvolver a comprensión de aspectos socioculturais fundamentais das distintas culturas de fala inglesa e comparalos cos do ambito cultural do estado español.	A2	C1 C2 C25 C30	D17
Distinguir entre norma e uso da lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas		C1 C2 C4 C18 C30	D17

Contidos

Tema	
Use of English and vocabulary	Use of English : - Inversion - Fronting - Participle clauses - Purpose and reason clauses - Concessive clauses - Adverbs / Adverbials - Subjunctive Vocabulary: phrasal verbs, prepositional phrases, collocations, idioms, etc.
Listening	- Discussions - Monologues - Dialogues - Conversations - Interviews (TV, radio, web streaming, etc) All of them about different topics, mostly related to the contents of the textbook
Speaking	Oral production practice and comprehension on a wide variety of topics (especially, although not exclusively, those included in the textbook)

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	6	0	6
Lección maxistral	4	15	19
Resolución de problemas	8	25	33
Traballo tutelado	8	16	24
Resolución de problemas de forma autónoma	6	14	20

Seminario	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	8	20	28
Exame oral	4	12	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Presentación da materia ao alumnado e orientación xeral sobre a mesma. Diagnóstico inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado e descubrir os seus intereses e motivacións. Nesta sesión será explicado en detalle o proceso de avaliación que se seguirá na materia
Lección maxistral	Explicacións sobre os contidos do curso
Resolución de problemas	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos gramaticais e léxicos, así como coas destrezas comunicativas
Traballo tutelado	Práctica das destrezas comunicativas (comprensión oral/listening e expresión oral/speaking) e da destreza lingüística (use of English) na aula
Resolución de problemas de forma autónoma	Resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos e as destrezas comunicativas traballados na materia. O alumnado deberá desenvolver tal actividade de forma autónoma, con material de autocorrección
Seminario	Revisión conxunta, por parte de alumnado e profesorado, do desenvolvemento das actividades da materia e do proceso de aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Por atención personalizada enténdese atención na aula (física ou remota) e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma Faitic. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, facer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas prácticas de execución de tarefas relacionadas coas destrezas adquiridas (cfr. outros comentarios para ver o número de probas e o seu peso en porcentaxe)	65	A1 A3 A4	C1 C4 C18 C24 C30	D6 D22 D23
Exame oral	Proba oral na que o alumnado deberá mostrar a adquisición das destrezas e coñecementos propios da materia. O formato e caracterísitcas da proba se explicarán nas sesións presenciais con antelación suficiente	35	A1 A2 A3 A4 A5	C1 C2 C4 C12 C18 C24 C25 C27 C30	D2 D6 D9 D15 D17 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Consideracións xerais

A cualificación final da materia calcularase tendo en conta as destrezas traballadas ao longo do cuadrimestre e o peso de cada unha delas na cualificación final será:
- *Speaking*: 35%
- *Listening*: 35%
- *Use of English & vocabulary:* 30%

Para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 4 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas. Téñase en conta que esto non significa que se aprobe tal destreza con 4 puntos. Aquelas/es alumnas/os que na primeira edición de actas obteñan unha cualificación de suspenso nalgunha(s) das destrezas deberán repetir a(s) parte(s) correspondentes a tal(es) destrezas no exame de xullo para poder aprobar a totalidade da materia. De non superalas en xullo, o estudante deberá examinarse da totalidade da materia en

cursos académicos posteriores.

O plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un suspenso automático na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

1ª Edición de actas (Xaneiro 2021)

Existen dous sistemas de avaliación (continua e única) para superar a materia nesta primeira oportunidade e participar nun deles implica **a imposibilidade** de participar no outro.

a) Avaliación continua
Para poder acollerse a este sistema é **imprescindible** que o alumnado complete o seu perfil en Faitic cos seus datos de contacto e fotografía durante as tres primeiras semanas do cuadrimestre. De igual maneira, será **imprescindible** a súa participación nas diferentes probas que se vaian realizando ao longo do cuadrimestre, así como a entrega das actividades que corresponda nas datas sinaladas. As probas nas que non se participe ou as actividades non entregadas no prazo estipulado computarán **como 0**.

A cualificación final daquelas/es alumnas/os que se acollan ao sistema de avaliación continua computarase tendo en conta o seguinte:

- As **competencias orais (*speaking*, 35%)** serán avaliadas por medio dunha proba que terá lugar nalgunha das sesións das últimas semanas do primeiro cuadrimestre. A data exacta será fixada e anunciada con suficiente anterioridade, en función dos horarios da materia.

- As **competencias de escoita (*listening*, 35%)** serán avaliadas mediante unha proba final que terá lugar nunha sesión das dúas últimas semanas do primeiro cuadrimestre. A data exacta será fixada e anunciada con suficiente anterioridade, en función dos horarios da materia.

- As **competenciasgramaticais e de uso (*use of English & vocabulary*, 30%)** serán avaliadas por medio de dúas probas escritas que terán lugar en dúas sesións ao longo do cuadrimestre. As datas exactas para cada unha destas probas será fixada e anunciada con suficiente anterioridade, sendo a primeira proba na terceira ou cuarta semana do mes de outubro de 2019 e a segunda proba na última semana de sesións do cuadrimestre.

b) Avaliación única
A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas na proba única establecida pola Facultade na data aprobada pola Xunta de Centro. A proba constará das 3 partes arriba mencionadas e o cálculo da cualificación se realizará seguindo os mesmos criterios establecidos para a avaliación continua. Téñase en conta que esta proba oficial establecida polo centro estará destinada **unica e exclusivamente** a aquelas/es alumnas/os que non tomen parte en ningunha das probas de avaliación continua arriba mencionadas. **En ningún caso** debe entenderse como unha posibilidade de recuperación para aquelas persoas que, tendo participado na avaliación continua, non teñan superado a (totalidade da) materia.

2ª Edición de actas (Xullo 2021)

O exame que o centro fixe oficialmente para o mes de xullo constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas (*listening*, *speaking* e *use of English-vocabulary*). O peso de cada unha das destrezas na cualificación final será o mesmo que na 1ª edición de actas e, de igual maneira, para superar a materia será imprescindible acadar unha cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 4 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Annette Capel and Wendy Sharp, **Objective Proficiency. Student's Book (ISBN: 978-1-107-61116-0)**, 2nd, Cambridge University Press, 2013

Mark Foley and Diane Hall, **MyGrammarLab. Advanced, C1/C2**, Pearson Education Limited, 2012

Bibliografía Complementaria

Peter Sunderland and Erica Whettem, **Objective Proficiency. Workbook with answers (ISBN: 978-1-107-61920-3)**, 2nd, Cambridge University Press, 2013

Malcolm Mann and Steve Taylore-Knowles, **Destination C1 & C2. Grammar and Vocabulary with answer key**, Macmillan, 2008

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Inglés/V01G230V01403

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 1, I: Inglés/V01G230V01103
Idioma moderno: Idioma 1, II: Inglés/V01G230V01203

Outros comentarios

O traballo diario e autónomo do alumnado resulta imprescindible para seguir e superar a materia. Debe terse en conta que as horas de clase na aula non son máis que parte das horas totais de traballo do alumnado necesarias para superar a materia; en ningún caso representan a totalidade de horas que a/o alumna/o deberá adicarlle a esta materia. Neste sentido, é altamente recomendable que o material manexado polo alumnado non se limite ao visto nas sesións presenciais. Recoméndase que o alumnado adique tempo á lectura de xornais, libros e revistas en lingua inglesa, ao visionado de vídeos, películas, series e similares en lingua inglesa, etc.

Cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright.

É necesario o emprego da plataforma de teledocencia, a través da cal o profesorado proporcionará material e contactará co alumnado.

Plan de Continxencias

Descrición

En caso de ser necesaria a docencia non-presencial, manteranse metodoloxías, contidos, avaliación e titorías, coa salvedade de que se realizarán mediante fermentas dixitais proporcionadas pola Universidade de Vigo: aulas e despacho virutas, Faitic e correo electrónico.

En caso de ser necesaria a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono, manteranse as metodoloxías, os contidos e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.